

RESOLUCIÓN do 30 de decembro de 2016 pola que se convocan, mediante tramitación anticipada de gasto, subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo), da medida Leader do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2017 e 2018, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural. AGADER, DOG N° 20, 30/01/2017

OBXECTO

1. Esta resolución ten como obxecto **convocar**, mediante tramitación antipada de gasto, en relación coa medida 19 (Leader) do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR), con cargo ás anualidades 2017 e 2018, en réxime de concorrencia competitiva, as subvencións que corresponden coa submedida 19.2 do PDR (apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local).

SOLICITUDES DE AXUDA

1. As solicitudes de axuda dirixiranse, **tendo en conta a localización do investimento, ao GDR** que corresponda e presentaranse no formulario e coa documentación previstos no artigo 9 das bases reguladoras a que está sometida esta convocatoria.

2. Segundo o establecido no artigo 8 das bases reguladoras, **o prazo de presentación de solicitudes será dun mes, como mínimo**, iniciarase o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG e estará aberto durante todo o período de execución da medida Leader, coa **data límite que determine cada GDR** en función da dispoñibilidade de fondos.

INFORMACIÓN

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional a través dos seguintes medios:

- a) Na páxina web da Agader <http://agader.xunta.es>
- b) Na *Guía de procedementos e servizos*, no enderezo: <https://sede.xunta.es/guia-de-procedementos>
- c) No teléfono 981 54 73 62 (Agader).
- d) De xeito presencial, na Agader (lugar da Barcia 56, Laraño, 15897 Santiago de Compostela), con cita previa no teléfono 981 54 73 62.
- e) Páxina web e sede dos GDR de Galicia. A relación dos GDR está publicada na antedita páxina web da Agader.